



BOLETIN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 14

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDÉ, 16

BAIXO

A CRUÑA

30 DE MARZO

BREVIARIO ENXEBRE

(PRA LÉR PENSANDO)

Na mesma data houbo tres feitos merecentes do noso comentario. Tres feitos dinos de pasar pol-a peneira de enxebriño, pra que tod'o mundo se poida decatarse de aquilo que devén en palla y-aquello que fica n'ouro de lei.

Poñel-os puntos sobor das ies con ruda sinxeleza e fonda sinceridade, no que ó galleguismo se refire, constituyese nosa misión óuta, pra que a mocedá que ven seipa que terá de cimentare n'un areal de andrómenas o edificio dá nova patria redenta.

Dous feitos dos que imos falar, tiveron a Cruña por escenario. Outro, aconteceu en Santiago. Y-os tres gardan relación, xa que nos ofrecen de maneira crara unha mostra do divorcio que escomenza a sentírese entre a xuventude culta e pensadora y-os vellos, ou non tan vellos, pro rutinarios.

Cruñesismo en acción

O día dezaoto do mes que agora fica, xuntáronse pol-a mañán moitos respetabres señores da Cruña, entre eles banqueiros, comerciantes, industriaes, etc.—forzas vivas, como se di d'algún tempo á data—c'o ouxeito de nomear un organismo que traballe pol-a prosperidá d'aquela cibdade. Houbo boas intencións merecentes de gabanza e poucos discursos. Y-esto que é un adianto nos nosos costumes non coidamos, con todo, que leve a nada froitífero. (Si houbera en Vigo unha xuntanza así, d'ela saíría o proxeyto de construír axíña un tranvía com'o de Sada y-Arteixo.)

Láyanse moitos, cantos pensan, de que a Cruña non vai pra diante e din que precisa saír do estancamento en que vexeta. Láyan-

se de que o comercio y-a industria non atopan aquel desenrolo desexado, que n'outras partes s'acusa. E pra que a Cruña progresa, pra empuxar o progreso cruñés, fixeron a Asambleia refrida.

O intento está ben, como tal intento, pol-o que ten de nobre, mais parécenos que os iniciadores da xuntanza pecaron por desorientación no dianóstico. O médico que ante a chaga que amostra unha persoa doente, soyo ensamina a chaga dando de man a canto poida ser orixen d'ela por feitos xeneraes d'o organismo, fracasa adoitado. Pois o mesmo terá, ou moito nos trabucamos, d'acontecerlle ó directorio da nova xuntanza. «Cruñesismo en acción» se lle chama y-o nome algunhas veces fai á cousa.

«Cruñesismo» supón escrusivismo, y-o escrusivismo sempre odioso, conociendo a psicoloxía actual dos pobos da nosa terra, ten de ficar tarde ou cedo, n'unha repercusión d'escrusivismo mais alá de Monelos, Galicia precisa d'expansións cordiaes.

Crêr que son «locales» os problemas vivos que fai falla solucionar na Cruña nin en ningún pobo galego, é cousa absurda. Coma poñel-as áas no chan y-os pes pra riba. Si a Cruña s'abondara a si mesma pra vivire, boo. Mais non abondándose, primeiro que votar a andar sin xeito, percísase facel-os camiños especulativos que determinan a acción, cando a hora da acción é chegada. Y-esos camiños fánnos os pensadores, non os homes soyo homes de negocios. Porque ó ideal precursa de cote ó material. Primeiro especulación, xeneradora de pasión; logo acción vertebrada, couxuntada; rexionalizada.

Galleguismo en especulación.

Na mesma noite do dazaoto, dou unha conferencia na Mutua Mercantil Cruñesa, Luis Porteiro Garea. Porteiro non precisa adxetivos, porque sendo home cheo de cultura e de boo senso, ó servicio d'unha verba cristaiña, onde él s'atopa atópase o mérito.

Porteiro fixo un ensámen luminoso dos valores positivos e negativos de Galicia. Partindo do materialismo hestórico de Marx, amostrou que o ideal e sempre cimento do material. Deduxo com'o comercio, a industria, a política, o arte, todo, require si ha ter eficacia fecunda, o senso europeo da cooperación que a nos nos falla.

E logo, cal si respondera ós iniciadores da xuntanza d'aquela mañán, na que o traballo manual non se considerou forza viva, quizais por esquecemento, puxo, con valentía xuvenil, a man na chaga do atrasoda Cruña e de tod'a rexión. Este atraso áfinca, dinantes que n'outra cousa, na «enorme incultura financeira galega.»

Porteiro, amostrando conocer a nosa Banca, dixo que ésta ten un pobre criterio de «mostrador adentro». A nosa Banca, pra él, como outras moitas institucións fundamentas, atópase en «barbeito inteleutual». Os cartos galegos, por mor d'esa Banca, van dirixidos a empresas estranxeiras lexanas e moitas veces fantástecas. que logo na hora das grandes crisis—cal agora se veu c'a guerra europea—producen incertidumes. Os cartos galegos, porque a nosa Banca soyo se preocupa das suas ganancias do momento, ganancias ó pe do mostrador, que rifan co'as do profesional veciño impidiendo toda solidariedade, van empregarse en láminas de valores do outro Mundo, non sempre de «boa estampa» pro si de mais «prima» e de mais intrés, inda que menos seguro, acontecendo así que ferrocarris de Venezuela, Chile, etcétera, son en parte feitos co'aqueles cartos nosos que logo fallan pra facer os nosos camiños de ferro e as nosas industrias.

E si n'algún sitio poideran ser os primeiros empuxadores do progreso os banqueiros, é en Galicia, país de poucos grandes capitales e de moitos pequenos capitalistas, que soyo asociados por partes restadas sin sacrificio ó cupón de que viven, poderían ser útiles.

A cultura da Banca galega, parece, pois, un dos primeiros problemas a solucionar. Cando haxa esa cultura haberá solidariedade entre todol-os banqueiros da nosa terra y o refrán «quén é teu nemigo e o dó teu oficio», non rezará co'eles. Lendo «A Nacionalitat Catalana» de Prat da Riva, vese como a rexionalización económica, o progreso económico, tran cal cousa forzosamente correlativa, o trunfo do rexionalismo político y-artístico.

Porteiro amostra visión d'águia. Os localistas, visións de cobra.

Mais aló da múseca e dos versos.

Tamén na mesma data houbo un acto ga llego en Santiago. Tivo por ouxeto honrar a memoria de Chané. A él asistiron o representante do Centro Gallego da Habana—jouh ditoso Centro que todos coidan, agás nos, (xa virá o desengano) pano de bagoas económico e fábrica de facer moeda pra suprir o valeiro, por falla de vountade, dos petos dos gallegos de Galicia!—Xosé Fontenla, o fillo do insine autor de «A Foliada», o alcalde da Cruña e outros.

O refrido acto consisteu n'unha misa, cantos d'orfeón,—que se nos antoxan os do cisne, porque son os cantos da hora da morte—xantares e brindis.

Até aquí vai ven a cousa. Pero agora surxe o bóo. Nun d'aqueles brindis—o do alcalde da Cruña, si non minten os xornaes, e desexáramos que mintisen—«falouse das festas que s'organizarán pró descubrimento da estatua de Rosalía, pensándose que antr'elas teña feito unha xuntanza de todol-os orfeóns galegos, xa que, coma o señor Casás dixo, o pé do refrido moimento ten d'iniciárese na tal data a resurrección do espírito galicián.»

¿E posibre? ¿Inda estamos n'estas? ¿Inda coidamos que o despertar de Galicia ha de ser cousa de versos e músecas? ¿Inda vimos crêndo—ou tratando de facer crêr—que o noso rexionalismo lírico-poético, rexionalismo de *folk-loore*, do que se rín os estranos, pode levarnos a nada práctico?

Decatándonos d'estas cousas, berramos pra dicir que dinantes de pensare en moimentos y-en cantos e músecas, hai que esculpir na nosa conciencia individual a estatua da cidadanía; que hai que pechar con dobre chave as tumbas dos poetas galegos; que os versos, poden sere entretenimento pr'ás horas de vagar, como maus ideales que aloumifien a testa dos loitadores, o mesmo que as cantigas, mais non ouxeto e fin de ningunha palinxenesia. A múseca domeará ás feras, pro os homes xa non obedecen á múseca. Que durman, que durman o sono, cheo d'ensonos d'outros tempos, nas vellas vitrinas polvorentas os estandartes e bandeiras dos sinxelos orfeóns. Outras bandeiras y-outros estandartes temos que erguer tremantes agora. O millor homenaxe ós poetas y-ós músecos, é lêlos e conocelos non tomándoos por fenómenos de barraca de feira. ¡Ai si eles

voltaran á vida! Serían os primeiros en pidirnos que fixésemos prosa. Porque o que ll'intresa a Galicia non se pode encarcerar en oitavase reás. Os catro millóns de pesos que pagamos ô ano pol-o dereito a comer pan, por exemplo, son protagonistas do novo e vello poema que alumeou en verbas frias Rodrigo Sanz, logo de moito estudio, priscindindo de metáforas, y este poema nin outros somellantes non hai forma d'axeitalos a outra múseca que a da *Marsellesa*—entendede o dito—que non cantan os orfeóns nin lembran os que inician homenaxes ante estatuas.

Si queredes perdel-o tempo, facede caso do pranto do cocodrilo, que, inda que non eisiste este reptil na fauna da nosa terra, dixérase encarnou n'algunhas persoas coma animal sagrado, pra devorar c'o engado da redención galega, latiguillo de todol-os homenaxes, ós rexionalistas líricos e inocentes.

O millor homenaxe ós mortos, e lembrarnos dos vivos que viven na escravitude porque o centralismo bárbaro que fixo homes ós que organizan festas, votou unha lousa de promo por riba de'eles.

¿Non pidiron esto nosos poetas?

A gran urbe cubizada.

E xa chegamos ô derradeiro. Fai anos dixemos nos n'un xornal de Lugo—*O Progreso*—que Galicia percisaba unha grande cibdade. Iñoramos s'alguen o dixera dinantes de nos. Logo díxoo Cambó, falando con Fernández Flórez. Repiteuno fai pouco, Xosé Fontenla. E agora no Ateneo de Madrid, díxoo tamén, Eloi L. André.

¡Unha gran urbe en Galicia! Si, axudaría moito ó noso progreso. Ou quizais ô longo nos perxudicase. ¡Quen sabe! Certo é que Basconia e Cataluña teñen esas cibdades-metrópolis. Pro lémbrenos igoalmente de que a Arxentina padece moito por esceso de cabeza. Pensemos que as grandes urbes non s'improvisan; que cando surxen é respondendo a unha necesidade natural, por obra d'un automatismo progresivo.

Falando d'esto Porteiro, na súa notable conferencia da Mutua Mercantil, dicía: «O incomente de non téremos unha gran capital en Galicia, salvaríase perfectamente, habendo boas vías de comunicación, dereitas, entre as principaes poboacións da nosa terra. Hoxe non as hai, e pol-o tanto é falar do problemático, falar d'eso. Cando s'alumeen total-as nosas minas e total-as nosas riquezas, ¿quén sabe onde automáticamente, fora de calquera artificialidade, ergueráse a gran metrópoli?»

A natureza galega, cando a emigración se deteña,—pois as Américas deixarán de sere campo de grandes negocios—c'o seu sistema de caseríos espallados por onde queira, co'a súa densidá de poboación, diranos o que sexa perciso. Pois naide pode esquecer que os primeiros problemas galegos son de xeito rural, agrario-costeiro.

A hora de asiñalar unha capitalidade non chegou aínda. ¡Temos tanto que facer dinantes! A Cruña, por exemplo, progresou á soma do elemento oficial centralista. Vigo, sin elemento oficial, en poucos anos dou un pulo progresivo, c'o seu esforzo enxebre somentes, Lugo, por razóns estratéxicas, por razóns xeográficas, coma primeiro mercado pecuario e coma cadaleito de filóns mineiros abundantes, e unha esfinxe que

bica o sol d'a esperanza risoña. Ferrol, tumbado ós rentes d'unha ría meiga, inda que durme, durme soñando en trocarse n'un gran emporio industrial... ¿Onde afincará a gran urbe cubizada dende pouco?

ANVIPO.

CHORA A TOLEIRONA E LEDA "MARUXIÑA"...

Xesús Rodríguez López

Van caendo os bóos. Uns tras outros. Parece mesnamente que nos veu a ver unha mala meiga. Galicia pasa por unha racha tráxica. Primeiro, Núñez González; despois, Chané; logo Pondal, Gastañaduy, e agora Xesús Rodríguez López.

Este noso querido amigo, noso enxebre hirman fai tempo que sófría unha cativa doenza. Sabíamos que viña ferido de morte. Pro nunca coidamos que a súa fin estivese tan preto.

Rodríguez López, dend'o leito da dôr, escribeunos inda hai pouco unha carta chea d'entusiasmo, revertente de xenerosas loubas pr'á nosa obra. Mandábanos tamén cartos, porque petáballe predicar c'o exemplo. Pensaba—home intelixente, práctico—que non soyo con versos e artigos pódense facer os apostolados.

¡E oxe temos que chorar a súa mortel! ¡Pobre amigo, él que tanto e tan fondonismamente quería á patria galega!

¿Quén iñora a labor literaria de Rodríguez López? ¿Quén non sabe que foi un xornalista notabre, home de ben a toda proba, amigo do progreso de Lugo coma poucos?

Deixa libros en prosa tan curiosos cal «Supersticiones en Galicia» e «Preocupaciones en medicina» y-a novela «A cruz do Salgueiro.» Deixa un poema «Cousas das mulleres» que conquiréu moitas xustas gabanzas; deixa un feixe de poesías chistosas, cheas d'enxebriño, «Paxaseiras» no que figura «O bico» á que lle puxo áas musicas Montes, pra que poidera voar pol-o mundo enteiro, como voou. Deixa, pol-o derradeiro, unha comedia «O Chufón», estrenada en Galicia y-as Américas non fai moito tempo, de mérito grande.

O enterro do insine poeta, resultou unha mostra da dôr que en Lugo produxo a súa morte. O «Orfeón Gallego» cantou preto da cova, oude acougan xa os restos do mestre, un «Liberanos.»

¡Pobre don Xesús! Galicia, menos volvo-reteira que a fermosa «Maruxiña» do teu diálogo, sería como a «Mariquiña» de Chané e Curros, darache sin que llo pidas por Dios, o bico tenro, o bico de fogo do que a tua lembranza é merecente; bico de nai dôrida, ante o cadabre do fillo nobre.

Lugo perdeu un bóo lugués; nosa patria un gran gallego. A súa dona, un home exemplar. Nosoutros un hirmán.

**O ferrocarril pol-a costa de Vigo hastra Irún
será defensa é riqueza pra España**

Pra D. Ramón Villar Ponte,
meu-xoven amigo.

Tiven e aínda teño enfermo na familia, e por iso hastra hoxe non lín o que vosté escribiu no boletín A NOSA TERRA do dez de este mes, donde fai lembranza de mín, que lle agradezo e non merezo, pra dicir, que a traición do pecho das Cortes lévanos a pensar de que «Aínda non será d'ísta o ferrocarril da costa.»

Naide sabe cal é o víspora do millor día. Pra nos será aquel no que Galicia cuspa, como xa facemos algúns gallegos, cando se nomean nómes como os dos Sres. Cierva, Gasset e Romanones (os tres ben se entenden), en primeira, e segundo despois hastra un cento ou dous de cousas que parecen homes, que pastan no prado das vacas gordas, alfalfa rastreir; que teñen nas suas maus facer labor patriota e no na fan nin nin deixan facela. O mesmo que en Rusia dinantes.

Rusia por lo motivo da administración chea de roubos, fixo agora o que debeu facer xa hai cen anos. A todo lle chega o seu tempo.

Galicia, que aínda non e Rusia: Galicia que non tén a quen volvel-os ollos pois hastra algúns fillos vólvenselle padrastrós, algo ha de facer sin tardar. Ven sabe ela o *verdadeiros, formás, e serios* que son os políticos, o mesmo os que cobran directamente que os que ó fan de soslayo.

D'esta maniobra non se enterou o señor Dato que nos deu falso o seu apelido dicindo que en España non había ladrós d'eses que non pode prendér a guarda civil.

Non e de agora que *El Imparcial* sexa enemigo do ferrocarril costeiro: fai anos que o é. Vexa meu amiguíño, quen é o dono dése papel, puntal do Goberno, e despois sacará a conta do por qué non se fai esa liña. Outros papés hai que axudan a *El Imparcial*, e chámanse gallegos.

Hay conselleiros que cobran ben, e compañías que pagan pra non tener competidores.

Galicia si quer ir por camiño dereito, tén que xuntar xestas e paus de toxo: con aquelas barrer, e cos toxos e silvas poñer sebes pra que o barrido non volva.

Eu xa son vello, pro teño fe nos novos como vosté, seu hirmán D. Antonio, D. Rodrigo Sanz, e outros moitos, e si lles parece ben e queren adiantar o bon día, pra que eu en algo pódalles axudar hastra vertendo o pouco sangue que me queda, no no deixen pra mañá que a morte non perdona os vellos.

Por traer o ferrocarril costeiro vou a don-

de queiran. E irei sempre dereito que xa non hai xionllos que aguanten mais.

A sementeira que fixo pol-o ano de 1913, na Vega de Ribadeo, D. Everardo Villamil y Llanes, regada por moitos que amamos a idea do ferrocarril costeiro, tén que dar bos froitos que os vellos non veremos quizais pro que recollerá a nosa naiciña Galicia, que fai moito tempo que está, sin camiños de carro nin de ferro, mais aldraxada que estivo Rusia hastra este momento hestórico.

MANUEL INSUA SANTOS.

Na Cruña, 22 de Marzo de 1917.

O REDOR D'UN CENTENARIO

ESQUECEMENTOS SINTOMÁTICOS

Pedro Fraga de Porto, un rapaz cultísimo, dos primeiros xornalistas galegos, lembrouse de que dentro de tres anos cumpre o centenario do nacemento de Concepción Arenal, e ven escribindo moito o con bóo senso sóbor d'esto, pra que se ll'organice un homenaxe solene ó chegar dita data á groriosa autora do «Visitador do preso» no seu pobo, Ferrol.

Aproveita a ocasión pra lembrar cousas que teñen verdadeiro interés.

Di Fraga de Porto, logo de doerse do esquecemento en que se teñen as cousas velhas, pol-o Auntamento ferrolán somellante ós mais de Galicia.

«Por eso non se sabe en que casa do Ferrol naceu Concepción Arenal! ¡Tampouco se coñece nada do que se refire á estancia no noso pobo d'aquel ilustre hestoriador e poeta portugués que se chamou Alexandro Herculano! No Ferrol viveu por espazo de tres anos, desterrado; no Ferrol publicou unha das suas obras, aló pol-o ano 38. Perguntade por Alberto Camino, que foi poeta, nado no Ferrol o ano 1821 e cuáseque naide pode darnos conta d'él. Dicide si se lembrou naide de que o nome d'outro ferrolán que se chamou Wiceto, (o Walter Scott, galego) figurase n'un recordo oficial ou se festexase d'algunha maneira. Perguntade onde está o testimonio hestórico da protesta ilustre de Pedro Padrón, páxina groriosa d'unha hestoria esquecida...»

Perguntade en troques, añadimos nos, cantos nomes sin releve, sin outro releve que o caciquil soyo de soa n'un momento que xa fuxeu pra sempre, hai nas ruas de Ferrol como nas d'e moitos mais pobos gallegos. Perguntade, e morrerbos de vergoña.

¡Ferrol, Ferrol, fermosa cibdade, berce de tantos enxebres, pobo de Rodrigo Sanz, de Ribalta, exemprares galleguistas, espertal

O teu porvir non está na rayola flamenquista gaditana ou cartaxeneira. Está en tí mesmo cando té poñas en relación co'a Europa.

Cántigas populares

(Ista ducia de cántigas foi premiada con *accesit* no Certame literario e pedagóxico celebrado en Vigo pol-a Asociación de Mestres Católicos de Galicia, no Agosto do ano pasado.)

Lema: LUGAR DA MERA

I

Rapaciña que cantando
Baixas pol-o verde outeiro,
Date presa, rapaciña,
Date presa que te aspero.

II

Conteille un día a un regueiro
O penar da miña y-alma;
Y-ó escoitarme salayare
O regueiro salayaba.

III

Non busquedes alegrías
Nas notas d'ista canzón,
Pois son-as penas que fren
De cote o meu corazón.

IV

Non quero gato lareiro,
Ha de sere rateador;
Non quero home priguiceiro,
Gústame traballador.

V

Ós rapaciños d'agora
Váisel'o tempo en troular,
Agardan chegare a vellos
Pra s'iren a traballar.

VI

Non moe nin da maquia
O muiño qu'istá quedo;
Rapaciños casadeiros,
Mirádevos n-ese espello.

VII

Teño no cómaro ermo
Das penas unha frol verde,
Chámanll'a frol da Esperanza,
Frol que sempre m'arrecende.

VIII

Cuco rei que nos pinales
És reló da miña vida,
Canta, paxariño, canta,
Hastra qu'ela sexa miña.

IX

Pergunteille ó cuco rei
Cantos anos viviría;
Respondeume: «vivirás
Namentres teu amor viva.

X

Pergunteille ó cuco rei
Que tardaría en morrere;
Contestóume o cuco rei:
«O qu'a moza en t'esquecere.

XI

Pergunteille ó cuco rei
Cando e por qué morrería;
Dixo que estaba morrendo,
E que por ti me morría.

XII

Pergunteille ó cuco rei
Qué viviría e calóu:
Estaba morto: unha pena
Matárom'o corazón.

VICTORIANO TAIBO.

Compostela.

CONTOS GALEGOS

NEBOEIRO

Manuel era un rapaciño de doce anos; mas, inda que o seu corpo era pequeno, grande tiña a y alma, unha alma nobre e forte, afeita a ver de preto a miseria e a loitar n-unha loita fera e desigual na que son precisos moitos sacrificios e grandes esforzos pra s'ir sostendo na vida inzada de fatigas e amargueiros. O seu pái, facía tempo que unha doenza tñíao na cama, impedido de facer as cotiás saídas ao mar, onde as horas de pesca proporcionábanlle o sostén da familia. Axudáballe nos seus trafegos, na rude pelea co'as olas o fillo mais vello, Manuel; pero agora, o pobre rapaz, soilo, sen os brazos robustos do pái, qu'iba él facer...

Pasaba o tempo á caron do bote, cravando o tristeiro fitar nas augas azús. ¡Ouh! se o hirmán Pauliños fose coma él tan siquera, xa moverían a lancha; xa botarían as redes e pescarían algo. Pero Pauliños coase nen mover un remo podía, era moi pequeno.

Choraba co'a carraxe moitas veces, véndose impodente pra xuntar unhas cadelas que levar á sua nai; algunha cousa que poideran comer, impedindo a agunía da fame que a familia sufría.

Cavilou en agacharse n-algún barco dos que no muelle carregaban mercancías, pra despois no alto mar, cando xa non poideran botalo en terra, pedir que o deixaran navegar coma grumete. Así él pol-o menos poderíase salvar, e ¡quen sabe! quizais chegaría a ser un bon mariñeiro, a gañarse a vida sen tanto desacougo, sen tanto perigo coma amenazaba ao seu pái no bote. ¡Pobre pai deloente, sufrindo a delor da doenza e a outra delor tal vez mais terrible, a delor de ver a sua familia querida morrendo de fame... Á lembranza, Manuel enfadábase consigo mesmo. ¿Como había d'él cavilar en deixal-a sua casa cando todos sufrían? Non: era preciso loitar, esforzarse pra abranguer algunha cousa. E loitaría, si, loitaría; e había de vencer, ou o mar, aquel mar azul coma o ceo, sería o gardador do seu corpo.

Non o cavilou mais. Formada no seu maxín unha visión coma feita de brétemas ou de fume, pro fixa, amostrándolle a salvación; ilusionado, levou ao bote as redes. Unha noite finxindo que s'iba deitar co seu hirmán Pauliños, na mentres a nai sentada ao cabezal do leito, medio adormilada pol-a fatiga e a fame, peleaba por manter abertol-os ollos pra atendel-o doente, caladiñamente os dous nenos encamiñáronse a praia;

embarcaron, e a forza de remos metéronse mar adentro.

Esvaíanse no hourizante as luceciñas da praia. Un neboeiro cada vez mais pecho rodeábaos; o farol fallo d'aceite alumaba apenas, e o frío facíao tremar. Pauliños comenzou a chorar asustado; tiña medo. Medo tiña tamén Manuel; medo a perderse nas negruras da noite e ir a parar quen sabía a onde, levados pol-a corrente sen que os seus debles brazos, xa cansos, poideran opoñerse. Quizais irían a parar moi lonxe, ao medio do mar onde o bote afondaríase entre as olas que os afogarían a eles.

A guía dos puntiños de lus do areal non se via ningún bote; ninguén mais que eles estaban no mar... Quixo facerse forte, dominal-o perigo. Si se desleixaban morrerían; era preciso reaicionar, loitar, loitar hastra vencer.

Con grandes esforzos, moi pouquiño a pouco pol-o peso das redes molladas, foron retirando o aparello. ¡Canto tiveron que traballar na escuridade, xelados e rendidos! pero unha esperanza ilusionábaos, era a loita pol-a vida, a cruel loita que lles había dal-o pan.

A sua ledicia foi moita. Algús peixes quedaran na rede; resprandecían as escamas na escuridade cós súpetos brincos que daban ao acorar, cando os sacaron da y-auga. Un instante esqueceron as angurias e medos pasados; cavilaron en botar de novo o aparello, cuidando tal vez que a calada fose mais cumprida e poideran volver á casa cò corazón cheo de leda fachenda pra donar á sua nai o produto do traballo. ¡Qué contentos todos na casa! e eles, eles que eran os héroes...

Na mentres o fixeron, Manuel sentiu outra vez a anguria do medo; unha ollada convinceuno de que non sabería volver á casa: todo era igual, neboeiro, tēbras. Por forza tiñan que agardal-o día, pero ¿onde verían as primeiras caridades, as primeiras rayolas do sol? tiña medo de que fose demasiado lonxe pra que poideran volver.

—Por hoxe abonda de traballo,—díxolle ao hirmán logo que botaron no mar as redes—durme ahí n-ese currunchito da proa, a caron da tilla, onde estarás mais agasallado; eu vixiarei.

É na mentres Pauliños iñorando o perigo acurruouse o mellor que puido e fatigado quedou profundamente dormido. Manuel, sentado cabo d'él, ollaba d'arredor, queren-

do atravesal-a brétema hastra ver algunha sinal, un punto luscente que o guiara, un bote que o socorrera.

Pasaban as horas. O traballo, o frío, a fame tiñan estenuado o rapaz; pechábanse os ollos, dórídos de tanto mirar. Ás veces coidaba apercebir penas contra as que a forza das olas facíanos chocar. Tremía cò frío e cò medo; por momentos sentía a impresión xelada da y-auga na que coidaba sepultárense. Nervoso, desacougado choraba. Lembrábase da sua nai que maxinaba correndo pol-a praia, tola, chamando a berros os fillos tragados pol-o mar.

Puido mais o cansanzo que a vontade; os esforzos que fixo pra se non dormir, a cada paso mais fracos, foron vencidos ao cabo. Os seus ollos pecháronse cò sono...

Súpeto, despertou cheo de medo; chamou a Pauliños. A sirena lenta, contñua, avisaba o perigo d'un grande barco que chegaba invisíbre a través do neboeiro.

Berraron os nenos pedindo acorro, pero as voceciñas non foron ouvidas; ninguén respondeu. Pasaron uns instantes de terrible ansiedade, de medo, en que os dous hirmáns unidos n-unha aperta, chorando, esperaban a morte segura, inevitábre, do abalroamento.

Rachando a brétema adiantábase a mole enorme do vapor; unha masa xigantesca, negra, que se lles botaba enriba.

C'un movemento istintivo, Manuel agarrouse aos remos—¡voga!—berrou ao hirmán. Os dous cò esforzo do desespero remaron, remaron pra fuxir da morte.

Un choque imperceíbre, un berro; un débil berro dos dous nenos ao ver estrozado o bote e sentírense hundidos no mar; despois, a mole xigantesca e negra do vapor que seguía avanzando no neboeiro, asuviando sempre a sirena pra adevartil-o perigo, na mentres os dous hirmáns n-unha desesperada aperta de terror desaparecían pra sempre no medio das olas.

LEANDRO CARRÉ.

Lembrando a Pondal

Pol-as «Hirmandades da Fala» vai pasando a memoria de Pondal, coma unha bris de primaveira. Na da Cruña tivo o primeiro homenaxe o bardo. Logo fonon os de Monforte, quénos, n'unha velada solene, lle rindiron tributo d'admiración. Tamén os d'Ourense ll'ofrendaron unha loubanza no *Tio Marcos da Portela*. Pol-o derradeiro, tocoulles a vez ós de Santiago.

Ortiz Novo, noso colaborador, un rapaz de moito valimento, un estudante aproveitado, dou unha notable conferencia sóbor de Pondal, que louvan xustamente todol-os xornaes santiagueses.

Victoriano Taibo, inspirado poeta, poeta enxébre, un dos bóos e xenerosos conque conta a santa causa do galeguismo na vella e culta Compostela, léu logo, c'a mestria da que é dono, algunhas poesías do bardo que fixo *Queixumes dos pinos*, sendo apraudidísimo.

Pro inda houbo mais: Tivo ó seu cárrego a presentación d'Ortiz Novo, D. Manoel Vidal, home de fondo prestixio, de moita cultura, galego de corpo enteiro, quen pronunciou un discurso cheo d'eloquencia.

Unha festa brillante, en suma, primeira da serie que ten en proxeito a «Hirmandade» compostelana.

* *

Publicamos agora unha carta escrita no noso idioma que nos remiteu D. Manoel Lastres, coma representante da familia de Pondal, pol-o que ten d'honrosa pra nos.

«Na Cruña, 14 Marzo 1917.

Sres. Amigos da Fala.

Meus mais garimosos amigos! Inda que a morte do bardo Pondal nom tivera mais homenaxe que o qu'ese garrido conxunto tributoulle, fora de por si abondo pra pagar aquel outo esforzo do moi culto espírito de Pondal; «que deixando á veira do camiño das bágoas» colleu as pendentés dos altos picachos pre dend'eles barudamente falar forte é recio ós gallegos todos.

Vos fostedes os derradeiros pes en qu'andibo ó flaquíño corpo ó peso dos anos rendido.

Vos os que c'a espontaneidade do sinxelo amor ó que no mando foi vivente lembranza d'antiga grandeza, quixéstedes mostrar que sobran nervudos corpos é esforzados cora-

zós que lumiados por la cencia e á querencia han de formar ó monolito basante do novo rexurdir gallego.

A todos vos a familia do bardo reconocida vos queda.

Voso admirador que á man vos bica.

MANOEL LASTRES.»

* *

Nos fixemos e faremos por honrar a memoria de Pondal, canto Pondal merece. Pondal é tan grande que n'algús dos seus versos fainos lembrar a Ricardo Wagner. Pol-o novo e forte da sua rima; pol-as imáxes xeniales. Coma o coloso de Bayreuth creou unha Walhalla, celta. Deunos cal un dios soberbio un novo Olimpo. O pino que cantou Miguel Costa, dixérase brandido pol-o vento da dôr c'o a morte do noso bardo.

Os versos de Pondal soyo os entenden os galegos, bóos e xenerosos. Soyo, pois en galego se debe falar de Pondal, hirmán Ortiz Novo.

~~~~~

## O NOVO BISPO DE TUY E POETA GALEGO

Don Manoel Lago González, un dos cregos mais cultos da nosa terra, como dixemos n'outro número, foi nomeado Bispo de Tuy, o seu pobo nativo. Axíña tomará posesión do cárrego. Preparáselle un garimoso recibimento. Sostituye a outro compatriota vigués, tamén ilustre, o Sr. Eixo.

Don Manoel Lago González, ten feito moi fermosas poesías na nosa fala, que conoze de maneira correcta.

Coma homenaxe ó insine Bispo, publicamos unha inspirada alborada de que é autor. Védea:

### O SOL DA PRIMAVERA

Rompe o día feiticeiro,  
y-o ventíño brincadeiro  
funga xa no piñeiral;  
os cantores  
reiseñores  
cantan todos pol-o val.

As fontañas e regueiros  
murmurando mainos van;  
non hay néboa nos outeiros  
nin nas corgas nin no chán.  
Xa o orballo centilea  
nas folliñas da herba mol:  
jauh, rapaces d'ista aldea,  
Vinde a ver nacel-o sol!

¡Ouh, rapaces!, vinde logo  
que xa nace como fogo,  
que xa brila y-alumea  
con moi viva craridá...  
¡Hou, rapaces d'ista aldea,  
vindeo ver que naceu xa!

Cantemos, cantemos todos  
cántigas da nosa terra:  
o sol da verde Galicia  
moita fartura alumea.

Xa da o sol na frondente ladeira  
onde están os pomares en froel.  
¡Ai!, o sol da feliz primavera,  
¡qué prácido sol!

O sol da nosa aldea,  
bendito sea;  
que cobre os ceos d'azul cõr  
y-henche corgas e vales e montes  
e regueiros e regos e fontes  
de ledicia, de vida y-amor.

# FOLLAS NOVAS


N'esta nova novela, que mais que novela é unha fermosa sinfonía pastoral, dánse a man o fondo espírito analítico de Guy de Maupassant e o humorismo xugoso de Eça de Queirós. E un canto en prosa do chan gallego, no que reverte a mais sinxela e tenra poesía.

Pol-as páxinas de *Volvoreta* lateza, entre liñas, unha fonda carraxe contra da erma Castela, santa carraxe hirmá d'aquela que immortalizou Rosalía nos seus Cantares.

A exaltación do noso paisaxe está feita con tod'a forza da realidade. A Fernández Flórez lle non queiman os labios as verbas galegas com'a condessa de Pardo Bazán, que chegou a chamarlle á procesión dos Caladifios, «procesión de los Calladitos».

Flórez leva Galicia na y-alma, habéndose desposado co'ela.

En *Volvoreta* hai descrições de persoas e cousas conecidas, insuperabres. Logo a



Fernández Flórez, pesi-a sua xuventude, e un dos primeiros escritores españoles. Como estilista no castelán, agás Valle Inclán, outro galego, ninguén pra nos lle vai en riba.

Fernández Flórez, nado na Cruña, é un dos poucos compatriotas nosos que sinte a Galicia, téndose por desterrado na vila—charca—cortesana, onde tantas formiguiñas suevas, desleigadas do chan nativo, fánnos treición

protagonista, costituye un fondo acerto, dos que erguen pra sempre a un escritor. Ela lévanos da man ó paradiso esquecido dos primeiros anos mozos. Na sua crara psicología, tan crara com'os regatos aldeáns, nos que se retratou moitas veces, cal o d'unha nova *Amarilis*, seu corpo meigo e garrido, nin sobra nin falla nada. E milagre de xusteza. Unha bela fror primitivista, chea do perfume dos agros celtas e dos pinales pondalinos, á que nin o Sol nin as feras nordeñas logran poñer marcha.

De *Volvoreta* poderíase decir que é a novela de todol-os rapaciños galegos da clás media, foral-as circunstancias de lugar. Poucos haberán deixado de ter tratos con algunha curmán en liña direita da protagonista d'ista obra maxistrul.

Pode, pois, o fero doctor Fiaño desanguerrar o entrecexo. O ne quid nimis d'Horacio e o pólen das áas sinxelas de *Volvoreta*.

VERSOS D'UN DESTERRADO

## AS AUGAS FALAN

Tiven que salir da Cruña,  
d'esa nosa terra linda.  
¡Castigado, sin delito,  
botáronme de Galicia!

Do mar d'o Orzán despedínme,  
y-as ondas hastra mín viñan,  
dicíndome: «Non te marches!...  
Non te marches!... Non t'afixas!...»

Piséi terra leridana,  
y-eu, camiña que camiña,  
atopéi c'o río Segre  
y-estendín por él a vista.

As augas antre os pelouros:  
«Déixate estar!—me dicían.  
Ben estás e ben t'alcontras,  
Ben t'alcontras n'esta vila.»

Soilamente unhas pingueiras  
nada, nada me dicían,  
e falaban moito, moito;  
pois eran bágoas miñas.

XENARO MARIÑAS.

Lérida, 28 Febreiro 1917.

## PROBLEMAS AGRARIOS

## ASOCIACIÓN

O labrego ten necesidade de asociarse como labrego. O labrego, si é católico, coma católico, pertence a unha parroquia determinada, e ten os seus deberes relixiosos. Coma cidadán ten que pagar á renda anual de sangue, depende d'un municipio, d'un partido xudicial, d'unha diputación de provincia. Mais o labrego, coma tal labrego, está completamente desorganizado; non coñece os campos que traballa, non lles aprica os abonos axeitados, non lles adica mais traballo que o seu propio; é si algún ano se perden as colleitas o labrego ten que vender á facenda para mercar pan, ou talar os bosques, ou hipotecar as terras, ou vendelas á desprecio, ou pedir diñeiro de prestado é con intreses noxentos que siñifican para o labrego a súa ruina económica é a súa escravitude política; porque xunguido pol-o ño gordiano d'unha fianza ou hipoteca ten que dar o voto ó cacique usureiro é seguir a súa marcha política, para afianzar, con tan aldraxante axuda, aos alcaldes, aos deputados, aos concexaes, aos gobernantes de total as castas, que comenzan por mercar d'esa maneira o labrego, para remiñar por o roubar.

Mais, asociándose o labrego coma tal labrego, coma agricultor, en sociedades agrarias ou sindicatos, a axuda mútua que na sociedade se prestan contrabalanceará as fatales sorpresas das malas colleitas, é o labrego non se arruinará co a morte d'unha xuvenca, porque o seguro do gando lle pagará pol-o menos as dúas terceiras partes do que valía, mercarán en común, aforrando os ganancias dos intermediarios, conquistarán

mais cultura agrícola, poderán vender en común impondo mais regularidade nos precios, é coma consecuencia da independencia económica que reporta a sindicación, xurdirá a independencia política é se impondrá unha maor honradez administrativa.

Os «Hirmans da Fala» ô predicar o santo amor á terra queremos que este encarne n'un rexionalismo práctico é fecundo. Finaron os tempos en que os galegos cantaban á lúa mentras os campos chamaban por pan é xusticia.

O problema do campo é o gran problema galego que ningún partido soupo resolver nin siquiera estudar. Por eso a él adicaremos n-esta seición a atención que merece para que os campos cantados pol-os poetas, señan tamén os campos ricos, fecundos é liberados, dentro d'unha Galicia redimida.

L.

## DE MIN PRA VOS

## E a noite de San Xuan...

Nunha ventán do pazo do Pardal, pol-a cara que da ô mar, houba lus ate moi preto do amaecer. Aquela ventán, daba â sala-biblioteca d'estudio do señor do Pardal. bondadoso ricacho, e médico de moi ganada sona en moitas leguas â ridonda. D. Lorenzo do Pardal—qu'este era o seu nome,—estudiaba día e noite non pra chegare a ter unha compra sabenza que iso a non ten ninguén, sinon pra tere a menor cantidade de dúvidas sobor todo na súa carreira.

Dende faguía dous meses, adicábase ôs estudos con mais afinco que nunca, por tere unha loita empeñada cò seu deber de home, e coa súa conciencia de médico. Sete meses levaba de casado con Pilar Silveira, a mais fermosa meniña de tod'a comarca, descendente de outa e linaxuda familia, e dous meses levaba ela doente de segreda doenza, pois nin seu home, nin compañeiros seus vidos de fora, atopaban o rimedio pr'atallar o seu mal.

Mal que dende o seu comenzo traballa en Pilariña, paseniño, terco e cachazudo, mais adoito pr'adiante. Día non houbo que a súa natureza o vencera, e puidera acusar a mais lixeira milloría. Era seu mal, vela acesa, que fina a forza de arder, por poderosa lei de desgaste.

Eisí que sin dôr, sin queixas, camiño iba do fin. A morte xenerosa e dadivosa co-ela, avarenta de levar tan fermosa presa, a non arrincaba da vida de unha poutada coma ela ten por costume; a arrincaba xeitosa, a modiño, cal si medo tivera d'espertal-a do derradeiro sono, coma leva a nai ô seu fillo durmido dende o regazo ô berce.

Don Lorenzo, coma home, vía marchárelle en Pilar a xoya de mais outo prezo pra el no mundo, do mesmo xeito que o neno que aínda non anda e sentado no chan, contempla o xuguete que se lle escapou das mans e o non pode coller; coma médico, coma home de ciencia, lémbrese dos seus estudos e dos seus desvelos, pra sere unha nulidade, pra non sere nada, pra sere sòmente un de

tantos vermes invisibles da terra, con vanas e tolas pretensións de deuses...

\*\*\*

Seran de Febreiro. Sentadas en xeitosas e luxosas butacas preto da estufa, onde arden raxas de pino ben enxoiado, háchanse Pilar e Sabela, vella servidora dos Silveira, que criara a Pilar, e que ô casárese esta abandonou a casa dos seus vellós servicios pra se ire co ela.

Falaban da segreda enfermidade, e a vella con agarimos de nai lle decía:

—Miña doniña, teu mal e mal da terra, i ela còs seus froitos ten de ser quen te ha de curare; teu mal non quer influxos de medicinas nin sabenzas de médicos. Cansa estou de cho decire. Si por min D. Lorenzo se guiara, leda coma mañán de Mayo, e sana e con còres de saúde coma feituca e fresca mazán, te atoparas hoxe. Mais D. Lorenzo dí: O que a ciencia non pode, o non pode ninguén...

—E ten razón, Sabela. Ti ben soubes cantas vitimas arrincou das gadoupas da morte. Ti ben soubes qu'en moitas leguas ô redor por milagreiro o teñen, e ate dín que corpo doído que toquen as suas mans, abonda pra que sane. Ben o soubes tí.

—Sei, Pilariña; mais tamén sei e tamén vexo, e tamén a impacencia me come e o diaño me leva, jarrenegado el seial, que teu mal adianta; que a túa vida se murchia coma frol arrincada da pranta, e que te axas e secas o podendo impedir eu...

—Non podes. O que ti tés é fé nos deuses, vountade no agarimo, e crénza a forza de ser boa galega, nos feitizos das herbas, das follas e das froles da nosa terra.

—¡E non hei ter!... Outras doentes coma tí do mal da terra, de ise mal qu'è xordo pr'â ciencia e oidor pra nos os fillos da montana, pra os que non ten segredos a natureza por vivire achegados a ela com'â hedra o val, outras coma tí, doentes, as curaron estas mans que as han de comela terra.

—Logo, ¿xa curaches outros?

—Curei. Testigos teño que aínda viven e non me deixaran mentire. Ises cocimentos de herbas, follas e froles, que temos de ir buscar no corazón da montana nas noites de luar, ises cocimentos que os parvos chaman brevaxes i eu bálsamo da vida, curariante, Pilariña, mais Don Lorenzo non quer... ¡Ai, si quixera Don Lorenzo!...

E Don Lorenzo do Pardal que faguía un anaco estaba xunto â porta acochado tras dos cortinóns, entrou pròcupado e cabizbaixo e chegando onde a Sabela, pòndolle unha mau n'hombro, díxolle:

—Don Lorenzo, quer, Sabela. Don Lorenzo canso d'estudiar e consultar libros, dáse por vencido n'esta loita, i entrégache a enferma. A ver si xa qu'eu tendo ciencia dín paus de cego, tí que n'esto eres cega a ver si das paus de ciencia...

—Dareinos. ¡Dou non me dera, si as miñas herbas non han d'esconxural-o mal do corpo de Pilariña, coma sei tamen co-a sinal da crus desconxural-o demol!...

\*\*\*

Comenzos do vran. Noite de San Xuan. Na terraza do pazo do Pardal, atópanse sentados â lus da lúa, Don Lorenzo, Pilar e Sabela, contemplando as lumaradas en que acó

e aló espalladas pol-a campía, a mocidade brinca e canta en roda ó redor d'elas, e das que de cando en cando un rapas de vos potente berra un aturuxo, qu'é contestado de unha en outra coma alerta conveñido de anteman, entre fantásticos centinelas.

Sabela cò seu bálsamo de vida, dera o pau de cencia nomeado por D. Lorenzo, e Piliariña, chea de saúde, surría satisfeita ó atoparse diante de unha nova vida na que que xa nin sonaba.

Preto do pazo, nun terreo limpo de herbas e de albres, arregrado pra xogos de *sport*, comenzou a rubir unha espesa e xigantesca fumareda, que pouco dempois trocouse en labarada de fogo, somellante a unha lingoa que s'estricaba por chegar ó ceo.

Ergueuse destonces D. Lorenzo do Parda, e amostrándolles a lumarada a Pilar e Sabela, díxolles sentenzosamente:

—Ehi tedes a lumarada de mais prezo que vín na miña vida. Nestes momentos retórcense no seo de ise fogo, milleiras de fórmulas que retorceron o meu maxín. Centos de centos de pesetas convertidos en letras, as letras en verbas, as verbas en párrafos, os párrafos en páxinas, e as páxinas en libros, convertidos agora en charamuscas, en cinza, no que d'eles adeprendín: en nada. Meus libros, todol-os meus libros, arden ehi xuntos, revoltos, n'isa tumba de fogo. ¡Ben mortos seian!... Na sua morte ó menos serán frutíferos, porque darán fume que se trocará en nubes, darán fogo que carregará a atmósfera, e mañán, cicais esta mesma noite, trocaráanse en pingotas que ó caer sobor do chan, daránlle vida ás herbas, ás follas, e ás froles que cha deron a tí, miña Pilar, e isas pingotas, serán as bágoas de carraxe da cencia sin cencia pra te curar... ¡Ben mortos seian!...

RICARDO CARBALLAL.

## Peneirando...

No Centro Gallego de Madrid, que afortunadamente dinnos que non é unha sucursal do «Acreedor del Estado» fíxose un homenaxe a Alfredo Vicente.

N'el colaboraron algús escritores notables.

Soyo decatámonos d'unha falla: da de Gómez Carrillo, cruñés honorario, íntimo amigo do homenaxeado.

Gómez Carrillo non dixo nada. ¡Parece mentira, abofella!

Cando poidera decír tanto... Por exemplo, o porqué sendo cuáseque un hirmán de Vicente ademiteu no *Liberál*, tan axiña como foi nomeado director, a Luis de Oteyza, un imbécil que se vota de chistoso e que aldraxou feramente a don Alfredo, pouco dinantes de finárese este.

¡Ai señor Gómez Carrillo! que unha vez traduxo un libro francés cheo d'inxurias pra Galicia, e logo ofendeu a memoria de Vicente, inda quente, levand'ó *Liberál* a aquel parvo chufnesco.

Facede galegos honorarios, y-arrancarámbo-los ollos.

Ou músca de Varela Cainzos y-outros «cartuchos.»

✱ ✱ ✱

Na *Voz de Galicia* publicouse unha carta, na que se veu a dicir que na nosa terra hai moitos artistas e poucos homes de negocios.

Séntanse premisas, pro non se chega á conculsión.

Nos imos a espoñer en catro liñas a causa de tal fenómeno.

En Galicia non pode haber negocios e industrias porque a nosa natureza e incompatible c'ó bárbaro réximen centralista actual.

Galicia é agro-pecuaria, mineira e rica en peixes, mariñas, augas medicinales e moimentos.

As riquezas agro-pecuarias, soyo cativa explotación poden tere c'ó actual sistema proteccionista que impón Castela.

Pra as mineiras eisten fondas trabas. Sin ferrocarrís e pagando o mesmo a tonelada de mineiral que s'arrinque en Monforte, por exemplo, que a que s'arrinque preto da costa, ¿como non habemos de dormire?

Y-o turismo sin vias de comunicación, ¿onde se puido fomentare?

Pra que Galicia progresa, hai que facer unha revolución nas concencias que chegue ó Estado.

✱ ✱ ✱

O noso colega *O Tío Marcos da Portela*, a quen ollamos con moito agarimo, falaba no derradeiro número da «pequena patria.»

¡Por Deus, *Tío Marcos!* Eso de pequena patria é un aldraxe. Non hai mais que unha patria, pol-a que peitamos. O outro é o Estado.

✱ ✱ ✱

O fin, parece que nos apeamos do bloque, que caemos do bloque en baixo.

Axuntouse a xunta permanente ferrolana pro ferrocarril da costa, lendo unha comunicación de Rodrigo Sanz, o noso deputado de dereito.

N'ela adoutáronse xeitos de denidá cibdadana, e d'acordo ferroláns e xixoneses, ducidiron dirixirse ó marqués de Figueiroa y-a Melquiades Alvarez pra decirlles fundamente alritados, «*que foron vítimas as rexións galega y-asturiana d'un engaño por parte do Goberno e dos nosos parlamentarios que procederon con desacerto poñendo en desacordo suas promesas e sua attitude.*»

¿Tiñamos ou non razón? A NOSA TERRA foi o único boletín que non levou chasco. Conocémol-o paño, amiguiños.

Veña, pois, ese Manifiesto anunciado. Veña a esprica dos representantes nas cortes de Galicia y-Asturias, do por qué non quixeron prantear ó xefe do Goberno o dilema de sacar a flote a lei de ferrocarris ou non deixar pasar a d'Autorizaciós.

Inda que nos xa a temos. Deputados feitos pol-o centralismo, que desexan facer carreira dentro do centralismo, non poden ser mais que servos dos Gobernos. ¿Doules as actas Galicia?

Foran com'os catalás, e sin bloque ou con bloque, teríamos a estas datas o ferrocarril da Costa, e inda mais...

Cóntese con nos pra decír a verdá, que, según San Pablo, fai ós homes libres.

E que sigan oubeando os lambe-cadeas.

✱ ✱ ✱

Dirixímoslle a Mr. Gerard un cablegrama no que lle pedíamos que nos axudara a facer rexionalismo.

Contestounos que un ex-embaxador dos Estados Unidos en Berlín, cando o seu país pensa n'unha guerra seria, non pode ocuparse de «negocios estranxeiros.»

Como amolar, amolounos mui fina e cumpridamente. Pero a culpa tivémola nos.

✱ ✱ ✱

¡¡Protopopoff!! Non é que pase ningún automóvil. E que lémos n'un xornal que n'unha aldega galega que se chama Muras, logo que un fato de veciños manifestouse contra do vello Segredario do Auntamento—que levaba moitos anos «emborcando o pucheiro,» este adicou o cárrago no fillo.

Unha revolución com'a rusa en pequeno. Inda qu'esta sexa d'abrigo... caciquil.

✱ ✱ ✱

Vai dare no «Circo das Artes» de Lugo unha conferencia D. Xerardo Doval, o botafumeiro da oratoria cursi, por outro nome.

Este D. Xerardo foi deputado de vello, logo d'adular moito, moito, a Brocas, pra poñer no ridículo mais grande a Galicia no Congreso, cando Cambó falou do idioma catalán.

D. Xerardo—palabra d'honor—dixo entón, mui en serio, facendo rir a todos, que o gallego xa se falaba no Paradiso por Adán y-Eva.

E disparouse pol-o camiño da cursilería tanto, que Romanones tiroulle pol-a chaqueta pra que non metese mail-a pata.

Hai testigos de calidá. ¡Qué afán témol-os galegos d'erguer a necios!



## NOVAS DA CAUSA

Antón Varcárcel, o notabre xornalista conecido por *Xan de Galicia*, lèu na Academia Gallega, ante un fato d'Amigos da Fala, un feixiño de versos feitos no noso idioma que axiña publicará n'un libro con prólogo do ilustre D. Marcelo Macias.

Son versos cordiás, lírico místicos, d'unha grande elegancia, e d'unha difizle sinxeleza.

Saberán a novo na poesía galega. Venen chamados a tere bóo éisito.

✱ ✱ ✱

No próisimo número, falaremos de cousas de moito intrés pr'a causa, que gardan relación con Cataluña e con nosos hirmáns da Arxentina.

✱ ✱ ✱

O popular e chistosísimo poeta Enrique Labarta Pose que dende fai anos vive no desterro vountario, aló en Barcelona, onde enmudeceu, facéndonos lembrar d'aquelas especies que na escravitude non procrean, segun se nos dí, dentro de pouco virá a fixal-a sua residencia na Cruña.

Púxoños ledos a nova. Porque Labarta e un galego, verdadeiramente xenial.

✱ ✱ ✱

No *Correo de Galicia* de Santiago, publicou un artigo en galego, loubando a Pondal, E. Teijeiro.

¡Benia él! Decatouse, sin dúbida, de que un «amigo da fala», espresándose n'un auto público, de homenaxe a un enxebre, en castelán, non soyo se pon en pe de paradoxa, senon moito mais aló ainda.

Si os amigos da fala, usámol-o castelán, sobramos abofé.

✱ ✱ ✱

No mes que agora vai escomenzar, cumpre un novo aniversario do alzamento galego que produxo os mártires de Carral.

Adicaremos un número con grabados á groriosa efemérides.

✱ ✱ ✱

Ricibimos unha fermosa poesía de Gonzalo López Abente, sobriño de Pondal—de tol pau tal astela—, lembrando o bardo, que publicaremos no número próisimo.

Tamén recibimos outros traballos que irán saindo por turno rigoroso.

Pregamos ós nosos colaboradores que non nos manden poesías nin artigos longos.

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moiro creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

OS MELLORES CHOCOLATES SON OS

**CHOCOLATES BRANDARIZ**

**QUENES OS PROBAN**

**NON QUEREN OUTROS**

A venda en todol-os comercios d'ultramirinos de Galicia.

**Enrique Brandariz y C.<sup>a</sup>**

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

**CONTOS GALLEGOS****ASIEUMEDRE**

Pol-a cativa cantidá de dous rás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

**LABRADORES:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,  
e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

DE

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóa e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

**CIRCO, 16-BAIXO - VIGO**

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

RUA DE PANADEURAS, 23

**A CRUÑA****VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

**Pedidos: W. LOSADA**

HOTEL CONTINENTAL

**Os "Previsores do Porvir"**

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

*Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro en doce anos*

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse 6 auto-re, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.